

VI Encontro de Deseño para a Innovación Empresarial en Galicia

«O deseño como ferramenta de impacto»

A **Consellería de Economía, Industria e Innovación** da Xunta de Galicia, a través da **Axencia Galega de Innovación**, organiza o **VI Encontro de Deseño para a Innovación Empresarial de Galicia**, orientado ao deseño como ferramenta de impacto e como motor de innovación en Galicia.

Nesta edición, o foco céntrase en como **o deseño é clave para a consecución de impacto económico, social e medioambiental**, tratando cuestións fundamentais como o deseño do propósito, os sistemas de medición, a innovación empresarial, o impacto social no relativo ás persoas e ás solucións inclusivas ou o desenvolvemento sostible como valor estratéxico.

Este VI Encontro de Deseño para a Innovación Empresarial en Galicia inclúe algunhas das empresas e axencias de deseño protagonistas do tecido empresarial galego, á vez que se sitúa en liña co novo **Programa de Deseño para a Innovación e a Sustentabilidade 2024 – DIFERENZA**, que dá continuidade á aposta polo deseño para a innovación iniciada pola Axencia Galega de Innovación no ano 2018.

Programa

- 10.00 / 10.10 h **Apertura do VI Encontro de Deseño para a Innovación Empresarial en Galicia. «O deseño como ferramenta de impacto».**
- 10.10 / 10.40 h **DESEÑO E IMPACTO ECONÓMICO.**
Patricia Gabeiras (socia fundadora de Gabeiras & Asociados)
«Deseñar empresas con propósito e sociedades de beneficio de interese común (SBIC): unha revolución empresarial»
Carlos Álvarez e Noelia Estévez (socios fundadores de Desoños)
«O deseño como ferramenta de impacto. Tradición e Innovación»
- 10.40 / 11.15 h **Pausa – café**
- 11.15 / 12.00 h **DESEÑO E IMPACTO SOCIAL.**
Marcos Saavedra (Cofundador de DesignThinking.gal)
«Metodoloxías de deseño para unha innovación inclusiva»
Noelia López (fundadora e CEO de Envita)
«Deseño de solucións dixitais para o emprendemento social»
- 12.00 / 12.45 h **DESEÑO E IMPACTO PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.**
Javier García Galdo (director técnico de Sinexia) e **Juan Lago** (director de innovación de Sinexia)
«Deseño e desenvolvemento estratéxico para a innovación no sector pesqueiro»
Rosana Agrelo (confundadora e CEO de The Painter's Wife)
«O desenvolvemento sostible como propósito e o deseño como discurso»
- 12.45 h **Peche do VI Encontro de Deseño para a Innovación Empresarial en Galicia. Aperitivo Networking**

* Ao remate do encontro, David Barro (asesor do Programa de Deseño para a Innovación e a Sustentabilidade – DIFERENZA e director da Fundación DIDAC) explicará para quen queira asistir, no mesmo espazo do CIS Tecnoloxía e Deseño, as liñas xerais que seguirá como comisario do país convidado na Porto Design Biennale, que centrará nos procesos e as formas do deseño no contexto galego.